



XVII

CIRCUITO

GALEGO

PROMOCION

2024

## PRESENTACIÓN

Dando continuidade ó circuito promoción celebrado no ano 2023, dende a Federación Galega de Xadrez estase a traballar na elaboración do XVII CIRCUITO GALEGO PROMOCION 2024, nun intento de seguir promocionando o xadrez nos rapaces mais xóvenes da sociedade galega afeccionados a este deporte.

Os torneos irían dirixidos a xogadores, obrigatoriamente federados, nados no ano 2010 e posteriores que se encuadrarían en catro categorías:

- Infantís (nados nos anos 2010-2011)
- Alevíns (nados nos anos 2012-2013)
- Benxamíns (nados nos anos 2014-2015)
- Promesas (nados nos anos 2016 e posteriores)

Preténdese que os torneos sexan organizados por Clubes, Institucións, Organismos ou Empresas que teñan como unha das súas prioridades o fomento do deporte base, polo cal dende a organización impulsárase que os eventos promocionen mais a deportividade e a participación, que a competitividade.

O Circuito desenvolveríase preferentemente dende o mes de maio ata o mes de novembro, coordinado para intentar que non coincidan dous eventos na mesma data ou na mesma provincia.

Co gallo de diversificar o mais posible o achegamento do xadrez os xóvenes e facilitar a participación de aqueles que normalmente non seguen de preto este deporte, procurárase que se celebren torneos en tódalas provincias galegas.

Todos sabemos que neste tipo de torneos entre uns poucos xogadores acaparan os trofeos das distintas competicións, polo cal considérase oportuno que, a parte dos premios da parte competitiva, se dará cabida a un apartado de agasallos por sorteo, que mantería a incertidumbre e o anhelo ata o final, premiando aleatoriamente a aqueles xóvenes que normalmente non gañan.

Considerando que estamos falando de rapaces que empezan nesta actividade e que todos queremos fomentar a súa continuidade no xadrez, tamén se obsequiará un agasallo participativo a todos aqueles que finalicen o torneo. Con pouca cousa pódese manter a ilusión.

Por mor de todo isto, elaborouse un “torneo base” que será obrigatorio nas súas pautas, inda que a coordinazón sabedora das dificultades particulares de cada certamen será flexible na integración dos torneos no circuito galego. Trátase de que as competicións xa existentes nas diversas localidades se sumen ó circuito, asegurándose unha maior publicidade e a participación dos mellores xóvenes axedrecistas galegos.

# TORNEO BASE

## DATAS

Preferentemente entre os meses de maio e novembro.

## DIAS

Os sábados, domingos ou festivos en xornada de mañán e tarde.

## ROLDAS

As roldas que sexan precisas segundo o número de inscritos.

## EMPRAZAMENTO

Lugares de ocio ou diversión para os xóvenes, centros comerciais, complexos deportivos...

## SISTEMA E RITMO DE XOGO

Suízo con partidas de entre 15 a 25 minutos por xogador. Podrase xogar con incremento de tempo. Polo sistema actual de puntuación, NON se poden unificar categorías se houberse baixa inscrición.

## ARBITRAXE

Realízase co programa SWISS MANAGER ou VEGA, sendo obrigatorio ter como árbitro principal un colexiado con licenza en vigor, que posea, como mínimo, o título de Arbitro de Base. (Circular Fegaxa 01/2024).

## REGULAMENTO

O que estableza cada organización.

## DESEMPATES

Os que estableza cada organización, **tendo obrigación de anunciarlos previamente nas bases do evento.**

## CATEGORIAS

Infantil, Alevín, Benxamín e Prebenxamín-Promesas referidas ao ano 2024.

## PREMIOS

Mínimo 5 por categoría (Trofeos ou similar).

## AGASALLOS

Para cada xogador que finalice o torneo (Camisetas, Medallas, Recordos, Libros...).

## SORTEO

Entre todos os xogadores (Libros, Reloxios, Xogos, CDs, DVDs, Material Deportivo, Dixital...).

## SEGURO

Os Clubs ou Entidades organizadoras deberán ter suscrita unha póliza de seguros con coberturas en accidentes e responsabilidade civil, sendo responsabilidade propia o non facelo.

## SOLICITUDES DE ADMISION O CIRCUITO

Dirixidas por correo á Federación Galega de Xadrez ou por correo electrónico a [fegaxa@fegaxa.org](mailto:fegaxa@fegaxa.org).

## ACLARACIONES

Federación Galega de Xadrez  986 23 79 45

Coordinador: Angel Vilas  657 55 30 11

# CIRCUITO GALEGO

## TORNEOS

Para ser aceptados deberanse cumprir as pautas marcadas pola Federación inda que tratarase de amoldar as características individuais de cada evento xa consolidado.

Por cuestións de calendario, traballárase nun Circuito que ronde os 16 torneos.

## DATAS

O prazo de inscrición pecharase o 01 de abril de 2024, non obstante, terán preferencia os torneos incluídos no calendario 2023 e o resto das solicitudes por orde de entrada.

## XOGADORES

Para inscribirse e participar e obrigatorio ter seguro deportivo, polo cal, previamente a inscrición, os xogadores extanxeiros ou os non federados deberán abonar a cuota correspondente para cumprir este trámite e federarse a través dunha entidade deportiva española, sendo responsabilidade dos seus clubs, entidades deportivas ou colexios non cumprimentalo.

## PREMIOS E TROFEOS

A cargo de Federación Galega para os tres primeiros de cada categoría e para a primeira muller. Premios non acumulables. No caso de que unha xogadora clasifique nos tres primeiros da clasificación final, levaría premio o cuarto clasificado.

## PUNTOS

Puntuarse da seguinte forma, segundo a clasificación de cada torneo:

- 12 puntos ao primer clasificad@ da xeral.
- 10 puntos ao segundo clasificad@ da xeral.
- 08 puntos ao terceiro clasificad@ da xeral.
- 07 puntos ao cuarto clasificad@ da xeral.
- 06 puntos ao quinto clasificad@ da xeral.
- 05 puntos ao sexto clasificad@ da xeral.
- 04 puntos ao sétimo clasificad@ da xeral.
- 03 puntos ao octavo clasificad@ da xeral.
- 02 puntos ao noveno clasificad@ da xeral.
- 01 puntos ao décimo clasificad@ da xeral.

\*Si nos dez primeiros non puntuara ningunha muller, a primeira clasificada da xeral obterá un punto.

\*So puntuarán na xeral os xogadores/as, que no momento de celebración do torneo, estén federados na Federación Galega de Xadrez e que teñan bandeira Fide ESP.

## DESEMPATES

- Suma da totalidade dos puntos obtidos en cada torneo.
- Mais primeiros postos, segundos, terceiros....

## DESCANSOS

Según o número de torneos establecerase un mínimo de participacións para a clasificación final do circuito, ou o que é o mesmo, contabilizar un número determinado de torneos a rematar.

Taboa do mínimo de torneos a participar para puntuar na clasificación final:

Torneos do circuito	Mínimo de Torneos a participar
8-9	5
10-11	6
12-13	7
14-15	8
16-17	9
18	10

\* Se dous torneos coincidiran en data, contabilizaranse coma un so, a efectos de participacións mínimas.

## CLAUSURA

Para celebrar o derradeiro torneo do Circuito deberase facer unha proposta conxunta que englobe a Gala do Xadrez. Esta xornada final pódese concebir como unha festa do xadrez, donde os rapaces teñan o seu torneo, os pais poidan asistir a conferencias, os monitores a algún seminario, facer un curso de árbitros, etc...

## WEB

A páxina da Federación Galega de Xadrez [www.fegaxa.org](http://www.fegaxa.org) dará cumprida información sobre a normativa do Circuito, as solicitudes de admisión, sobre as bases de cada torneo e os seus resultados, así como da clasificación xeral do XVII Circuito Galego de Xadrez Promoción.